

ANEXO III Referencia convocatoria: 2025/CP/107

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: ED431G 2023/01

Título: Axuda concedida ao CITIC, para a estrutura, a mellora e o apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Galicia FEDER 2021-2027 (obxectivo específico 1.1: Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar tecnoloxías avanzadas) nunha porcentaxe do 60%. Convocatoria 2023 (Orde do 24 de outubro de 2023, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades)

Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión de I+D+i

PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/05/2024 FIN: 30/11/2027

CENTRO Inv. Principal: CITIC

OBXETO DE CONTRATO: Na memoria de convocatoria anexa

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica

LUGAR E HORARIO: CITIC e Laboratorios do GII. Horario de 9:00 a 16:00 de luns a venres

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador/a asociado/a ☐Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUGTécnico/a de apoio á investigación ☒Axudante de apoio á investigación ☐Técnico/a administrativo/a ☐Axudante administrativo/a ☐XORNADA Tempo Completo: ☒ Tempo Parcial: ☐ DATA APROX. INICIO CONTRATO: 15/07/2025TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐Duración determinada ☒

DATA FIN CONTRATO: 31/10/2025

RETRIBUCIÓN BRUTAS: 1.706,25 €*

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599241020 541A 6490206

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura, Grao, Diplomatura, Enxeñería técnica ou Arquitect. técn.

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	1p/4x+H/VSFpWNeVCDfRLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	28/05/2025 21:22:13
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1p%2F4x%2BH%2FVSFPWNeVCDfRLw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Manuel F. González Penedo (CAT-UN, Presidente), Richard José Duro Fernández (CAT-UN) e Branca Padín Viaño (PTXAS, secretaria). Suplentes: Javier Pereira Loureiro (TIT-UN), Francisco J. Bellas Bouza (CAT-UN) e Beatriz Botana Barreiro (Cap. VI)

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, de de
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.:

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	lp/4x+H/VSFpWNeVCDfRLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	28/05/2025 21:22:13
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/lp%2F4x%2BH%2FVSFPWNeVCDfRLw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) está formado por máis de 200 investigadores. Integrado na rede CIGUS, pon ao dispor das investigadores infraestruturas de computación de altas prestacións e especialización que facilitan a execución de proxectos no ámbito da intelixencia artificial, a ciencia e enxeñería de datos, a computación de altas prestacións, os servizos e redes intelixentes e a ciberseguridade, desenvolvendo accións de posicionamento estratéxico no campo da internacionalización e transferencia de tecnoloxía e innovación.

Dentro das liñas de investigación do CITIC, unha das máis relevantes está centrada en robótica autónoma, aplicando diferentes técnicas de Intelixencia Artificial para lograr maiores niveis de autonomía en sistemas robóticos aplicados a problemas de enxeñería. Uns dos campos de maior impacto neste contexto é o dos vehículos submarinos, no que o Grupo Integrado de Enxeñería (GII) do CITIC leva traballando desde hai anos. Actualmente, oGII dispón de 3 unidades robóticas do modelo BlueRov2, e realizou diferentes experimentos con eles de maneira independente, mostrando a súa validez. Un dos obxectivos para os próximos anos é desenvolver diferentes algoritmos e procedementos para a coordinación de equipos de robots submarinos, como o BlueRov2, de modo que poida colaborar de maneira autónoma na resolución de tarefas como a inspección de estruturas mariñas ou misións de vixilancia. A presente convocatoria de contratación céntrase neste ámbito.

TAREFAS A REALIZAR

- Implementación dun experimento real nos robots BlueRov2 que implique coordinación entre varias unidades
- Desenvolvo de nodos en ROS2 para a realización do experimento
- Documentación do uso de ROS2 nos robots
- Probas na canle de ensaios do Campus de Esteiro, análise de resultados e documentación gráfica

REQUISITOS DOS CANDIDATOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

- Titulación requirida: Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura, Grao, Diplomatura, Enxeñería técnica ou Arquitect. técnica
- Experiencia demostrable na linguaxe de programación Python que se poderá acreditar mediante cursos, proxectos software en plataformas como GitHub, traballos de fin de grao ou mestrado, etc.
- Experiencia demostrable en robótica autónoma ou intelixencia artificial que se poderá acreditar mediante cursos, docencia impartida, proxectos de desenvolvemento, traballos de fin de grao ou mestrado, etc.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	lp/4x+H/VSFpWNeVCDfRLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	28/05/2025 21:22:13
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/lp%2F4x%2BH%2FVSFPWNeVCDfRLw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Experiencia demostrable en ROS e ROS2, que se poderá acreditar mediante cursos, docencia impartida, proxectos de desenvolvemento, traballos de fin de grao ou mestrado, etc.
- Experiencia demostrable en robótica submarina (BlueRov, Deep Trekker, Blueye Robotics) que se poderá acreditar mediante cursos, docencia impartida, proxectos de desenvolvemento, traballos de fin de grao ou mestrado, etc.
- Obter polo menos 40 puntos nos criterios de selección que se especifican a continuación. O posto podería quedar deserto se ningunha das persoas candidatas superase este límite.

Criterios de selección (máximo 100 puntos)

A. Expediente da titulación superior (grao, licenciatura ou enxeñería en titulacións relacionadas coa informática, electrónica, ingeniería mariña ou naval): máximo 30 puntos. Se a titulación é afín, a puntuación obtida multiplicarase por 0,5. Outras titulacións non puntuarán neste apartado.

B. Cursos de formación en temáticas relacionadas coa praza: ROS, ROS2, robótica mariña ou submarina (5 puntos por curso ata un máximo de 20 puntos).

C. Experiencia en proxectos de investigación ou desenvolvemento relacionados coa temática da praza (5 puntos por ano ata un máximo de 10 puntos).

D. Publicacións científicas relacionadas coa temática da praza (ata 5 puntos por publicación JCR e ata 3 puntos por congreso internacional, en función do seu índice de calidade, cun máximo de 10 puntos). E. Coñecemento de inglés: máximo 5 puntos (desde 1 puntos por nivel de A1 a B2. Puntuarase con 3 puntos o nivel C1 e con 5 puntos o nivel C2)

F. Entrevista persoal: máximo 25 puntos. Entrevista persoal aos tres candidatos máis valorados nos puntos anteriores. Valorarase a adecuación do currículo vitae ao posto de traballo. As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista con, polo menos, 48 horas de antelación.

Notas:

- Calquera mérito non xustificado debidamente non se terá en conta e en caso de ser necesario poderá solicitarse ás persoas candidatas documentación xustificativa adicional.
- Elaborarase unha lista de espera coas persoas candidatas que obteña unha puntuación igual ou superior a 40 puntos. A puntuación da entrevista non se terá en conta para elaborar esta lista de agarda.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

* Liña de investigación establecida no Rexistro de Liñas de Investigación ou Estratéxicas do VIT.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	lp/4x+H/VSFpWNeVCDfRLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) - Manuel Francisco González Penedo	Asinado	28/05/2025 21:22:13
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/lp%2F4x%2BH%2FVSFPWNeVCDfRLw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

